

BASES DO XVI PREMIO DE NARRACIÓN CURTA CONCELLO DE MARÍN

Co galo do Día das Letras Galegas o Concello de Marín, como cada dous anos, convoca o certame "XVI Premio de Narración Curta Concello de Marín", no que rexen as seguintes condicións:

1. Neste certame poderán concorrer todos/as os/as autores/as de ámbito nacional.
2. Cómpre que os traballos cumpran cos seguintes requisitos:
 - a. Que sexan en lingua galega, orixinais e inéditos.
 - b. Cunha extensión limitada entre cinco e dez páxinas tamaño DIN A4 mecanografadas a dobre espazo por unha soa cara.
 - c. O tipo de letra "Roman" ou "Times New Roman" ou similar a 12 puntos de tamaño.
 - d. A temática será libre.
 - e. Os/as autores/as só poderán presentar no Concello de Marín un traballo.
 - f. O prazo: os relatos presentaranse antes das 14.00 h do día 20.04.2021.
 - g. Cada participante subirá o traballo que opte ó premio a páxina web do Concello de Marín "www.concellodemarin.es" no que accederá a un formulario no que se farán constar os datos persoais e se cargará o arquivo. Desta forma o xurado sempre recibirá os traballos, preservando o Concello o anonimato dos autores.
3. Concederáse un único premio de MIL EUROS (1.000,00 €) ao que se lle aplicará a retención prevista na normativa (21%).
4. O xurado estará constituído por:
 - a. Dña. Fátima Álvarez González, escritora
 - b. D. José Ramón Núñez Iraola, Bibliotecario del Concello de Bueu.
 - c. Dña. M^a Pilar Refojos Giráldez, Bibliotecaria del Concello de Cangas.
5. Para os efectos da práctica da notificación do resultado da valoración aos premiados, participantes e demais interesados, realizarase unicamente mediante publicación dos premiados no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal non máis tarde do día 16 de maio de 2021, de acordo co artigo 40 e 45.1. b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao tratarse de actos integrantes dun procedemento de concorrencia

competitiva.

6. A concesión do premio non implica a perda dos dereitos de autor/a sobre o traballo premiado.
7. A participación neste concurso implica aceptar estas bases, e polo demais, o que non está previsto, disporano libremente os/as membros do xurado nomeados polo Concello de Marín a proposta da concelleira de Cultura.
8. O Concello de Marín resérvase o dereito de publicar total ou parcialmente o traballo premiado.
9. Se os traballos que presentaren non reuniren a suficiente calidade, o xurado propondrá declarar deserto o premio.

Marín, 24 de febreiro de 2021

A concelleira de Cultura